

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 28 DE SETEMBRO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e oito de setembro do dous mil vinte, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten o concelleiro D. Manuel Rodríguez Martínez.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CORRESPONDENTES ÁS DE 27 DE XULLO, 27 DE AGOSTO (extraordinaria) , 27 DE AGOSTO (extraordinaria e urxente) E 16 DE SETEMBRO DO 2020.

Non hai ningunha observación respecto aos borradores remitidos coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar as

actas das sesións de 27 de xullo, 27 de agosto (extraordinaria), 27 de agosto (extraordinaria e urxente) e 16 de setembro do 2020.

**2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF).
Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.07.2020 AO 22.09.2020.**

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22 de xullo ata o 22 de setembro do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3º.-APROBACIÓN DA CONTA XERAL DE 2019 DO CONCELLO DE MONFORTE E INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIAS.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

“Vista a documentación da Conta Xeral de 2019 -do Concello e do organismo autónomo Instituto Municipal de Drogodependencia-, formada por Intervención, coas seguintes magnitudes e cifras a fin de exercicio:

CONCELLO.-

- *Balance de situación. Activo e Pasivo: 65.935.147,93 €.*
- *Resultado económico-patrimonial. Aforro: 2.635.754,89 €.*
- *Resultado Orzamentario axustado: 1.351.414,76 €.*
- *Remanente de Tesourería total: 10.248.418,51 €.*
- *Remanente de Tesourería para gastos xerais: 7.228.729,21 €.*

INSTITUTO MUNICIPAL DE DROGODEPENDENCIA.-

- *Balance de situación. Activo e Pasivo: 72.687,87 €.*
- *Resultado económico-patrimonial. Aforro: 1.016,40 €.*
- *Resultado Orzamentario axustado: 1.028,09 €.*
- *Remanente de Tesourería total: 31.594,82 €.*
- *Remanente de Tesourería para gastos xerais: 31.203,53 €.”*

Non se producen intervencións neste punto.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto) e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto).

4º.-ACEPTACIÓN SUBVENCIONES IDAE (II ZONA NO URBANA E III ZONA URBANA)

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto o Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, publicado no BOE nº 144 do sábado 17 de xuño de 2017 e o Real Decreto 316/2019 polo que se modifica o anterior, publicado no BOE nº103 do 30 de abril de 2019.

Vistas as resolucións de concesión de axudas recibidas:

- 1. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (II)-ZONA NO URBANA, recibida o 10.09.2020 , por importe de 1.445.119,94 €, para executar un proxecto de 1.806.399,93 €*
- 2. RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (III)-ZONA URBANA recibida o 10.09.2020 , por importe de 1.243.968,57 €, para executar un proxecto de 1.554.960,72 €*

Vista a obriga de comunicar a aceptación das mesmas de conformidade co previsto no apartado 7 do artigo 13 das bases que rexen a convocatoria.

Proponse ao Pleno o seguinte ACORDO:

Primeiro: Aprobar a aceptación da axuda para a RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (II)-ZONA NO URBANA, segundo a resolución recibida o 10.09.2020 , por importe de 1.445.119,94 €, para executar un proxecto de 1.806.399,93 €

Segundo: Aprobar a aceptación da axuda para a RENOVACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR EN MONFORTE DE LEMOS (III)-ZONA URBANA segundo resolución recibida o 10.09.2020 , por importe de 1.243.968,57 €, para executar un proxecto de 1.554.960,72 €

Terceiro: Notificar ao IDAE estes acordos”.

Non se producen intervencións neste punto.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

5º.-APROBACIÓN DA TERCEIRA ADENDA MODIFICATIVA DO CONVENIO COA CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO E O CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS PARA A FINANCIACIÓN, EXECUCIÓN E ENTREGA DAS OBRAS DO PROXECTO DE MELLORAS NA REDE DE SANEAMENTO URBANO DE MONFORTE DE LEMOS. RÚAS SANTA CLARA, A VEIGA, CHANTADA, JUAN MONTES E PADRE FEIJOO.

O ditame é favorable á moción, con seis votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e dos concelleiros/as do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“En base á comunicación recibida da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, con entrada o día 21 de setembro do 2020, con base en:

I. Que en data 20 de setembro de 2017 otorgouse Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de determinar as condicións que rexirán a financiación, posta a disposición dos terreos, execución e o réxime da posterior entrega das obras e instalacións contempladas no proxecto titulado “Proxecto de melloras na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos. Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijoo”.

II. Que en data 29 de decembro de 2017 (BOE núm. 41 de 15 de febreiro de 2018), outorgouse a primeira Modificación ao citado convenio co obxecto de adaptar o número de anualidades e a distribución das aportacións dinerarias que a Deputación de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, O.A. deberían realizar.

III. Que na citada modificación se preveía a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2021 e estimábase que a execución das actuacións desenvolveríase durante as anualidades 2018, 2019 e 2020.

IV. Que conforme ao establecido no artigo 49.g) da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos e, en calquera caso momento antes da finalización do prazo previsto, os firmantes poderán acordar unánimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais a súa extinción, polo que en

data 2 de decembro de 2019, (BOE número 13, de 15 de xaneiro de 2020) outorgouse a segunda adenda ao convenio pola que se prorrogaba a súa vixencia ata o 31 de decembro do 2022 e se reaxustaan os importes previstos para as anualidades.

V. Que conforme ao establecido Cláusula quinta do Convenio, as anualidades inicialmente establecidas poderán modificarse, á alza ou á baixa, sempre que, sexa necesario acomodar a financiación á execución das actuacións obxecto do Convenio.

VI. Que, conforme ao establecido no apartado terceiro da Cláusula segunda do referenciado convenio as posibles modificacións deberán formalizarse mediante a subscripción do correspondente instrumento modificativo, cos mesmos requisitos e condicións esixidos para a aprobación do inicial.

VII. Que en aplicación da lexislación de contratos do sector público, da normativa contable e orzamentaria, e atendendo ó estado das actuacións obxecto do Convenio, esta Confederación Hidrográfica dispón de novos elementos de xuízo á hora de realizar unha previsión de anualidades, conforme ó establecido na Cláusula Quinta do Convenio, polo que procede modificar as aportacións económicas, para a boa marcha e execución do Convenio, así como prorrogar a vixencia do Convenio.

VIII. Esta modificación se efectuará respectando en todos os seus termos tantos os compromisos de financiación do importe total das actuacións recollidas no convenio suscrito, como o alcance e o obxecto das actuacións contempladas no mesmo.

A proposta realizada pola Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, é a seguinte:

a.- Modificación do Anexo I.

Modifícase o Anexo I Anualidades, que queda establecido do seguinte modo:

	TOTAL	CONFEDERAC	DEPUT	CONC
2018	47.190,00	16.856,27	16.851,55	13.482,18
2019	0,00	0,00	0,00	0,00
2020	995.000,00	355.314,50	355.314,50	284.371,00
2021	357.810,00	127.829,23	127.833,95	102.146,82

1.400.000,00	500.000,00	500.000,00	400.000,00
--------------	------------	------------	------------

A presente adenda de modificación resultará eficaz trala publicación no Boletín Oficial do Estado, previa inscrición no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación, tal e como se deriva do artigo 48 da Lei 40/2015, de 1 de outubro e do apartado 2 da Disposición adicional sétima da citada Lei.

Polo exposto PROPOÑO, que polo Pleno do Concello de Monforte se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a Terceira Adenda ó Convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos co obxecto de modificar os importes das anualidades vixentes, sen modificar o importe total da actuación nin os compromisos de financiación establecidos.

	TOTAL	CONFEDERAC	DEPUT	CONC
2018	47.190,00	16.856,27	16.851,55	13.482,18
2019	0,00	0,00	0,00	0,00
2020	995.000,00	355.314,50	355.314,50	284.371,00
2021	357.810,00	127.829,23	127.833,95	102.146,82
	1.400.000,00	500.000,00	500.000,00	400.000,00

Non se producen intervencións neste punto.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría a proposta da alcaldía con once votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto) e catro abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto).

Incorpórase á sesión a concelleira D^a Margarita López Rodríguez.

6º.-MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E AO GOBERNO DA XUNTA A DOTACIÓN UCI E A RECUPERACIÓN SERVIZOS SANITARIOS NA DESAPARECIDA AREA SANITARIA DE MONFORTE.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Emilio José Sánchez Iglesias e nove abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e de D. Jaime Germán Vázquez Pérez, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

- I. *“Esixir que repoña o servizo da UCI de maneira inminente. Dotando de medios materiais suficientes a este Hospital Comarcal, e capacitado ante un eventual gromo de COVID-19 ademais de asegurar outras intervencións curúrxicas que agora derivan a Lugo.*
- II. *Esixir o cese a política de desmantelamento. Parar o peche de servizos do Hospital Comarcal de Monforte e iniciar a senda da recuperación de especialidades dotándoo do persoal necesario en cada categoría e contratando as/os especialistas que cómpren.*
- III. *Esixir a recuperación a área sanitaria de Monforte, con capacidade de xestión e medios humanos e materiais suficientes e acordos ás necesidades da poboación que atende.*
- IV. *Esixir que se publiquen as listas de espera ocultas e levar a cabo un plan de redución das listas de agarda e tempos de demora das consultas de atención especializada, probas diagnósticas, cirurxía e procedementos terapéuticos no Hospital de Monforte.*
- V. *Esixir un momento de recursos para a Atención Primaria no sur de Lugo.*
- VI. *Esixir a corrección inmediata das deficiencias do PAC. “*

De seguido se producen as seguintes intervencións:

.../...

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dando lectura a moción presentada. Di que esta é máis do mesmo, xa se ten falado da necesidade da mellora da área sanitaria de Monfote, incidir en que se bote a dandar o funcionamento da UCI, algo que xa foi anunciado por uns e por outros e chegamos ao 2020 e se está como está. Di que os datos que se dan e as cifras de contaxio, non invita a ser optimista, imos encamiñados a un posible colapso.

Intervén Jaime Germán Vázquez Pérez di que Esperta Monforte leva traido a todos estes plenos todas, onde pon repoñer debería dicir Abrir, se ven e certo que temos a estrutura fixica da UCI, di que eles entenden que sería convinte que se cambiara isto. Un séptimo punto o para que por parte da Alcdía se faga un bo uso do Consello de Saúde para trasladar a Consellería, amosa o seu voto a favor.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que dende o partido popular non poden votar en contra dunha moción que sexa favoable para Monforte, esta moción é demasiado xeral, gustaríalle que se concretará un pouquiño máis as solictiudes que se piden. En canto ao primeiro punto, opina o mesmo que D. Germán, unha

UCI proxectada dende o 2020, comentar que cando o PSOE e o BNG solicitaron que se puxeran en funcionamento pero nunca se puxo, o que quere é aertura da UCI, pero se é o outro, sería habilitar camas para facer fronte a un novo brote. En canto ao punto II, di que necesitan máis información, gustaríalle saber que especialidades foron perdidas, que é o que se desmantelou para que se volvan a recuperar, hai que ser máis concreto, di que non ven esas concrecións en canto aos especialistas. Fala de que houbo unha diminución de habitantes pero non de servizos, hai que ser máis concretos para solicitar servizos á Administración. Fala da falla de especialista de neuroloxía, grazas que a se pertencen a un area integrada se puideron seguir as consultas. Di que se se creen maior autonomía, debe fundamentarse.

Solicita que se concrete un pouco máis as listas ocultas, non entende moi ben ao que se refire, en anto ao aumento de recursos, non saben a qué recursos de refiren se a humanos ou materiais. Di que lle gustaría que na moción se solicitará a atención presencial, di que se pode aproveitar a atención presencial que é o que piden os cidadáns e non se están levando a cabo.

Di que se dende se creou o circuito COVID o PAC está funcionando xunto coas urxencias. Pregunta si as deficiencias do PAC son no sentido do circuito COVID, di que debería estar diferenciado.

Intervén D^a Pilar Espinosa dicindo que durante anos se repetiu sen cesar que somos o mellor sistema de saúde, con eta cirse sanitaria, sufriuse unha política de recortes e perda de recursos, pero Galicia non se queda lexos de moitas carencias, di que este sistema se mantén grazas aos profesionais sanitarios. Toda a situación se agrava máis no ámbito rural, dispersión xeográfica e a idade da poboación. A demanda fai uns anos non era a mesma, a xente pide moita máis atención. Fala de poñer en funcionamento dun servizo, servizos que se perden no camiño, praza de dixestivo e unha praza de cardiólogo, a neuróloga se marchou por non darlle un contrato que conseguiu na área de Ferrol, iso vai en detrimento da calidade de asistencia aos pacientes, se necesita un control preciso semanal.

Nos derradeiros anos so no centro de saúde perderon dous prazas de facultativos, tres prazas de auxilires e unha de administrativo, non se cubren as baixas, vacacións, di que neste último brote se estivo a metade da plantilla. Di que algúns compañeiros superaron as 80 citas diarias, o Sergas non se pode pedir cita presencial ni vía internet e si que hai entre 10 e 15 citas presencias diarias, moitos traballaron dende as 8 da máña'ata as 4 da tarde, fala da organización do PAC que é un desastre, se eliminaron dous box de urxencias, fai que se acumulen pacientes en sala de espera, calquera que vaia a urxencias, poden ver que alí hai un acinamento das persoas.

Di que non poden máis que apoiar a moción do BNG, pide a ese conselleiro que dota a sanidade de todas os recuros que necesitan que cesen as privatizacións, que os profesionais están ao borde do colapso.

Intervén D. Emilio José Sánchez agradece o voto a favor e agradece a doctora Espinosa a súa exposición, xa que moitas das dúbidas que comentaba a voceira do Partido Popular quedaron esclarecidas. Vostede na mesma exposición falaba de neuroloxía, entre outras cousas. A cuestión está clara, e as deficiencias que trasladan os profesionais e os usuarios. Di que os indicadores son os que son, di que a iniciativa principalmente, di que se estableza o servizo da UCI, é a iniciativa deste moción, o resto dos puntos é incidir na falla dos servizos. Di que aceptan a enmenda de Esperta Monforte. Di que lle gustaría que esta moción fora unánime, si para que salga unánime ten que retirar o resto dos puntos desta iniciativa non tería ningún inconveniente.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez incide en que queren profesionais propios para continuar no futuro de Monforte, unha cousa de neuroloxía di que lle afectou directamente, desgraciadamente, nun mes e medio a súa nai a viron tres neurólogos, e absolutamente en contra dos pacientes. Di que levan tres anos sin profesional de dixetivo. O das listas ocultas será que chegas ao neurólogo, danche un papel que xa te chamaran non estás nas listas, o que piden é que lle den uns contratos bos aos profesionais, non desmantelan. Esperta Monforte está a favor que se abra o tema da UCI.

Intervén D. Katherinie Varela di que poden votar por puntos. Di que están de acordo co do PAC. O da UCI di que cree que vai ser difícil, porque os hospitais de distrito non teñen UCI, di que están dispostos a votar a favor, pero no resto dos puntos amosa a súa abstención xa que son xerais.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que ao Parlamento xa chegará tamén. O resto dos hospitais de distrito, nós temos que ver por Monforte, non é o mesmo o hospital do Barbanza que depende de Santiago e ten autovía, como a área sanitaria de Lugo, vése o mapa e dalle vergoña, di que o que queren é pedir para o noso hospital, o resto das áreas que cada un que mire para si. Falan pediatras, médicos, na Puebla en Chantada, este é un tema moi serio, se está a parte física feita, hai que dotar de especialistas, que estea establecido os hospitais de distrito e agora vemos que o da área sanitaria foi un erro tremendo. Agradece os votos a favor.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto non se pode coller de rutina, iso de votar por puntos copiose do Parlamento, pero isto nos plenos non está contemplado, non hai problema, isto é unha iniciativa política. A Xunta é quen ten que poñer a UCI en marcha non é o alcalde de Monforte. O Sr. Alcalde di que non votará a enmenda proposta por Esperta. Monforte.

A votación realízase por puntos:

Punto I “que se poña en funcionamento unha UCI en Monforte de Lemos”, apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo

municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

Punto II apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Punto III apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Punto IV apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Punto V apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

Punto VI apróbbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros/as do Grupo Mixto.

7º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE CREACIÓN APARCADOIRO CENTRO DA CIDADE.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e oito abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e do Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que na parte dos cartos que se están destinados a investimentos se destinen en primeiro lugar e por diante da construción de calquera ponte, na creación de máis prazas de aparcadoiro no centro da cidade para así potenciar a nosa actividade comercial e económica, en concreto nos terreos que se sinalan na imaxe da seguinte páxina dando saída de vehículo a rúa Roberto Baamonde e Inés de Castro e con posibilidade de saídas peonís a rúa Cardenal e a Avenida de Galicia”.

De seguido se producen as seguintes intervencións:

Intervén D. Roberto Eireos Saez dando lectura á moción presentada.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que hai que discernir o que é o debate e os problemas do comercio local compartido con outras vilas. Dicir que o aparcadoiro

no centro da cidade non é fórmula para mellorar o comercio se fose así estaríamos encantados. Fala de rúas colidantes ao centro, aparcamentos das rúa Conde, Rúa Sarria, San Antonio etc, onde hai aparcadoiros, é certo que na praza de abastos haberá que facer algún tipo de actuación para aparcadoiro. Di que eles se opoñen á ponte do Malecón. Di que tapar unsanto para desvestir a outra, non podemos pretender unha cidade peonil e pretender meter os coches embotellados no centro, porque no Centro, porque na rúa Chantada. Cren que o problema de aparcamento non é o máis importante, se vai ao centro comercial a Lugo e o deixa no centro, e como percorrer o parque dos Condes ata a Florida. Como se vai facer un aparcamento, soterrado, de pago de gratis, haberá que buscar, no centro di que é un erro. Di que é o momento propicio para iniciar os trámites de ordenación municipal, iso é chave de como se vai a construír unha nova cidade, cidade de futuro.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle alegra que o sentido común non se marchara de todo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que a única diferenza é que se van abster. Ser coherentes que é sacar o tráfico da cidade, si é certo que un pouco os mesmos argumentos que dixo D. Emilio. Todas estas prazas de aparcamento, as propias do Malecón, as de Roberto Baamonde, Inés de Castdro, Hortas, rúa Conde, rúa Sarria, Escultor Francisco Moure, con todo isto poderíase pensar en facer un aparcamento ou en facer unha zona azul con 20 minutos de cortesía, fala de que hai 10 dez se falaba desa posibilidade, igual agora é o momento. Sacar o tráfico do centro e facer unha zona azul sobre todo axudaría moito á rotación nos aparcadoiros, hai moitos sitios onde funcionan. Di que eles poderíase falar dun aparcamento, está a Casa Espinosa que estarían encantados de vender ao Concello, que son cinco naves na rúa Conde, di que non están a favor de que se faga ese aparcadoiro, di que é certo que habería que pensar en saír deste inmovilismo no que se está asentado para axudar ao comercio, di que lles gustraría que se fose un pouco máis cara adiante.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que despois de escoitar as intervencións di que non lle extraña que ás veces a xente fale do que din os políticos, porque para falar hai que saber do que se fala. . Vostede sabe como se xestiona un proxecto destas características? O único que creou un estacionamento gratuito no parque dos condes foi este Alcalde, é esta no centro da cidade. O Plan Especial servirá a rehabilitación de edificios existentes, non para novas urbanizacións, que a lei non o permite. Fala dunha tramitación do plan xeral de varios anos. Dille que debería dicir que casa ou baixos expropiados, habería que con contar con Patrimonio. Antes de proponden toda esta historia ten unha tramitación moi compleza, o Plan

Especial servirá para as construción existentes e non para novas urbanizacións, que hai dous mecanismos, o plan xeral e a tramitación dun plan parcial. Pregunta en qué consiste, a idea que pretende, os edificios están catalogos e habería que contar con Patrimonio, os monfortinos non contaron coas súas propostas sr. Eireos. Fala de política de galería, deberían facer propostas máis responsables, non se trata de mercar unha leira e botar aglomerado.

Intervén D. Roberto Eireos dicindo que no lugar que se está dicindo para facer un parking, di que a día de hoxe hai un parking, dicir que non se pode facer é un tema aparte, nas demais rúas tamén teñen problema de estacionamento. Fala do que dixo D. Emilio, di que no centro comercial non chove, ir con bolsas cargado, ata a rúa Sarria. Dicir ao Sr. Ibán a construción da ponte non vai xenerar empregos, e dos empregos se come e d aponte non. Na voz de Galicia do día 20.07.2020 o alcalde di que cando chegou ao goberno había xestións cos propietarios do aparcamento.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que él nunca dixo iso.

Intervén D. Emilio Sánchez di que puxo como exemplo o Centro comercial de Lugo, o centro de Lugo, Pontevedra, Coruña, hai aparcamentos soterrados de pago, pero Pontevedra aparcan debaixo da Praza de Abastos e chegan a outra punta. Hai facilidades, en Monforte hai facilidades no radio externo. Que os coches podan convivir coas persoas, pode parar un coche sen entorpecer a circulación, haberá que ter máis control. Di que eles abogan por un plan xeral de urbanismo, di que cren que é a chave maestra para todo isto. Fala dunha iniciativa que trouxo a este Pleno da rúa da Pena como sentido único. Di que están sempre en buscar unha cidade para as persoas e sobre todo para disfrutar a xente, canto máis zonas peoniles mellor.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que despois de escoitar a vostedes no punto anterior, nos queren tratar vostedes como a tontos, a súa finalidade é pontenciar o comercio, e construción dunha ponte non. Non sabe a onde quere chegar con isto. Di que cre que unha demagogía, di que el fala dos argumentos, cre que se realmente se fala de peatonalizar, humanizar, poucas veces nun pobo que se divide por un río e se constrúa unha ponte se poñan en contra, isto va na política que vostedes queren facer, deberían ter unha pouca sensibilidade coa peatonlización da ponte vella. Di que isto non se pode votar, porque non saben o que din e o que poñen. Di que esta tontería non a comparten.

Intervén D. Roberto Eireos dicirille que pode facer 14 pontes, dotalas con luz led, o último modelo, dixen que mellor que facer o ponte sería potenciar o comercio el non dixo non facer a ponte.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que vostedes dixeron varias veces que non sabían que proxectos se ían facer cos remanentes, xa dixo que tería que sábelo é o goberno. Construir unha ponte crea o mesmo emprego que construír un estacionamento, en temas de emprego non pode ter vostede un argumento aí. Di que queren errecueprar unha parte da nosa historia, hai algo máis de 100 anos era unha ponte ferro, que caeu por falta de mantemento. Un país non fai nada mal recuperando a súa historia. Di que cree que é bo e sentir o orgullo como monfortino. Di que eles fan as dúas cousas, potencian o comercio, a iluminación do Nadal a asume o Concello. Algúns proxectos si que os sabe, outros o saberán pouquiño a pouco, saben do alumeado da zona rural, a iluminación da zona urbana, a ponte de ferro, xa sabe das inversións importantes. Este mércores vai coñecer outro para a nosa cidade e antes de final de ano vanse ou ben contratar ou ben conveniar ou subvencionar de tal xeito quede comprometida para como mínimo 23 proxectos.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría con doce votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto), tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e unha abstención de D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto).

8º.-MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE PARA REDUCIR BRECHA DIXITAL NO CONCELLO MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez e nove abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP, dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“. A establecer unha línea de axudas para a adquisición de material informático (ordenadores) para aquelas familias que o precisen, previo informe dos servizos Sociais do Concello.

. A establecer unha línea de axudas para a contratación do servizo de conexión a internet no domicilio daquelas familias que o precisen, previo informe dos servizos Sociais do Concello. “.

De seguido se producen as seguintes intervencións:

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando lectura á súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que non poden estar en contra dunha iniciativa deste tipo xa que non son máis que medidas do ámbito social, di que cren que hai algo importante, di que habería que aderezalo, non soamente é axudar a compren un ordenador, hai qu reter posibilidade física par aa conexión a internet, un pequeno de Rozabales ou de Moreda, non hai unha boa sinal de internet. Fala dos últimso catro sanos da lexislatura da Xunta, entre outras cousas era chegar a banda á toda a poboación, ter unha boa conexión a internet que non haxa esa discriminación entre interior e costa, ten que ir cunha boa conexión a internet no entorno rural. Di que non sabe se o Concello pode chegar a algún acordo con algunha compañía . No polnígono tiña unha deficiencia gravísima deinternet e outras zonas de comercio, teñen dificultades para conectarse a internet. Estas iniciativas hai que acompañalas de actuacións dende as administracións autonómicas da Xunta, do Concello, amosa o seu voto a vaor.

Intervén D^a Katherinie Varela amosa o seu voto favor. Di que unha partida podería ir para axudar ás persoas máis vulnerables a eses medios que necesitan. A Xunta ten plns de actuacións anuais, subvencionan a instalación de fibra óptica, potenciando as zonas rurais, pera tamén competen aos propios Concellos que eses planes de axuda vaian a eses Concellos. AS empresas tamén pola súa parte deberían motivarse para instalar esa fibra óptica, deberían de poñerse en marcha todas as administración para ter un acceso a internet adecuado. Se acaba de aprobar para aquelas clases non presenciales de dotar as familias mais desfavorecidas para acceso a internet. Di que lles parece ben a medida.

Intervén D. Ibán Torres di que se dixo en varias ocasións que enfadarse é a maior perda de tempo. Di que lle complace que como outros se alporizan se alude como algo se pode referirse a súa profesión. En canto á moción, esta moción non defende os intereses dos monfortinos, lle resulta incómodo, que vostede caiga tanto en defender os intereses da Xunta de Galicia. Di que é algo propiamente seu non é preparada por vostede, vostede mira moito ao Partido Popular. En definitiva, as competencias en Educación son da Xunta de Galicia, parece que vostede o único enemigo que ten é o Concello, ás competencias son da Xunta de Galicia da Consellería de Industria. Vostede quere que este Concello faga o traballo da Xunta. Unha cousa é estar ubicado no medio e outra é , vexo moita consonancia co Partido Popular, di que se deben de disfrazar as cousas, salvar causas perdidas, haberá que ver de quen son as competencias. Os Concellos crecen facendo cousas e non crecen paralizados.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez di que non vai entrar ao trapo. Di que xa oú tonterías, fala de son enemigos do Concello, fala de , so estamos pedindo que se estaleca unha liña de axudas para adquirir ordenadores e pinchos. Esta mesma maña na radio dicía o Sr. Alcalde que aquí temos un transporte público para os

pequenos, había unha deficiencia, o que fixo o Concello foi poñer un autobús máis, a xunta ten as súas competencias, e resulta que o Concello paga ese autobús o mesmo pode pagar uns ordenadores que van ser para o Concello e o mesmo cuns puntos de internet. Xa levamos un rogo que é o da banda ancha, ata fai ven pouco no polígono non había. Isto está feito Sr. Ibán por un mestre que traballa con eles.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que cren que máis aló de que ten as competencias, se hai posibles no Concello. Do mesmo xeito sabemos que a Xunta ten competencias, se se pode facer unha axuda previo informe dos Servizos Sociais, sería importante, e se o Concello pode oe chegar a 30 o 40 ordenadores e a Xunta da outros 80, poderían chegar as persoas que o necesitan. Outra cousa sería a bondade política ou non.

Intervén D^a Kathernie Varela dicindo que non se trata dun tema de educación, nas unidades familiares que a xente teña acceso a internet e a un ordenador, a xente ten medo, pero a xente cada vez fai máis actividades na casa. A competencia educativa é competencia da Xunta, non se está pedindo que contraten profesores o que se piden é que axuden ás persoas máis vulnerables con medios informáticos e conexión a internet. Se tamen pode haber unha axuda de todas as administracións mellor, polos momentos que estamos a vivir. O único que lles queda claro da intervención de D. Ibán é que non queren axudar ós monfortinos, porque vai dicir non a esta proposta.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que as competencias regladas é algo moi serio. Un pouco de seriedade, claro que as competencias en transportes son da Xunta de Galicia, e o Concello paga un autobús urbán. A súa proposta pode ser moi loable soamente di que as competencias en educación son dos gobernos autonómicos, que as competencias en comunicación son das Consellería de Industria. Por esa regra de tres, seguiremos sendo cómplices do absentismo e abandono da Xunta de Galicia. Vostede defende os intereses da Xunta, D^a Kathernie o fai porque é o que lle toca porque é a voceira do PP, vostede debería ter outra postura.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que soamente está pedindo ordenadores e pinchos para a xente que non pode chega a eles. Vergoña allea se produce soamente votan o non polo non, non poden buscar o tema das competencias. Fala das homolías do Sr. Alcalde nos plenos falando das inversións, agora soamente pedimos uns ordenadores e uns pinchos, non fala de competencias, di que eles son Esperta Monforte, non terxiverse. Primeiro falan de que hai que vir con actitude postivía, e collan 50.000,00 euros dan para 50 ou 60 rdenadores e uns pinchos, ao mellor se poden levar despois á biblioteca, esta é unha cousa excepcional. Esperta Monforte soamente, non lle den voltas, di que non lle molesta nada, non se pode estar pedindo respecto e educación e bon talante, non se pode Sr. Ibán.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que é importante non manipular, fala do bo uso do Consello de Saúde. Aquí se fala moito de cumprir a Constitución, incluso os que non lles votaron, claro que a quere cumprir a constitución, tamén hai que cumprir o Estatuto de Autonomía de Galicia, e aí onde estar inscritas as competencias da Xunta de Galicia. Di que por exemplo, que se dan en becas 23.000,00 euros, xa se aumentaron en etapas anteriores, en 12, o ano pasado en 18.000,00 euros. Di que conceden axudas de emrexencia moitas onde moitas veces son para conexión a internet, é que xa se están facendo, cando ven nun infomre de servizos sociais, se aproban todas. Di que eles tamén apoian a poñer un autobús, dous autobuses un por colexio, con iso tamén se axudan ás familias, para conciliar, etc, fala do bus universitaria, tamén se incrementou enormemente, e por primeira vez se axuda o transporte para os ciclos. Lamentablemente a Xunta non espertou aínda. Se vostede D. Germán se alguén terxiversa aquí é vostede pedindo cousas que non son da nosa competencia. Di que eles traballan para Monforte, dicindo que cando acabe o mandato Monforte vai ter un cambio substancial.

Sometido o asunto a votación desestímase por maioría con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e cinco votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 24.07.2020, 27.07.2020, 30.07.2020, 07.08.2020, 18.08.2020, 28.08.2020 E 04.09.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

10º.-DACIÓN DE CONTA REPAROS DE INTERVENCIÓN 2019.

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 que na súa redacción dada pola Lei 27/2013 de 27 de decembro, dáse conta do informe das resolucións contrarias ós reparos formulados pola Intervención Xeral municipal anualidade 2019.

11º.-DACIÓN DE CONTA DE EXECUCIÓN TRIMESTRAL 2º TRIMESTRE 2020.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira

coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello do 2º trimestre de 2020, dos previstos sobre execucións trimestrais das Entidades Locais.”

12º.-DACIÓN DE CONTA PERIODO MEDIO DE PAGO 2º TRIMESTRE 2020.

Dáse conta do informe de Intervención sobre o periodo medio de pago (PMP) do 2º trimestre de 2020, segundo ven definido polo Real Decreto 635/2014. O PMP Global resultante do Concello de Monforte de Lemos (en días) é de 2,02.

13º.-DACIÓN DE CONTA LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2021.

O Pleno queda informado da documentación remitida polo Concello ao Ministerio de Facenda, a través da Oficina Virtual para a Coordinación financeira coas Entidades Locais, a efectos de cumprimentar os datos correspondentes a este Concello das liñas fundamentais do orzamento para o 2021.

14º.-ROGOS E PREGUNTAS.

.-Pregunta de Esperta Monforte de data 18.09.2020 RE 19298

“Queremos saber cantas actuacións da policía local houbo, dende o levantamento do confinamento nos mes de maio, para:

. Pedir botellóns ou consumo de alcohol na rúa de clientes de bares de copas.

.Cantos apercebementos sobre cidadáns por non levar a mascarilla ou levala mal posta?

.Cantas sancións se puxeron por estes motivos?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que este foi un tema que xa pasou no pasado mandato. Vostede o que trouxo aquí é un documento, pero neste documento hai tres preguntas, e vostede ten dereito a unha, hoxe lle contesta.

En primeiro lugar a Policía Local si que tivo máis dunha cuestión onde había máis dun grupo consumindo, en varias ocasións. En relación con cantos apercebementos dos cidadáns con mascarillas, foron cinco os cidadáns sobre os que se actuou, en relación coas sancións que se puxeron a bares de copas, son cinco os expedientes abertos para propostas para sanción por este asunto.

.-Rogo Esperta Monforte

Que o Concello asuma a necesidade de garantir unha óptima conectividade a través da BANDA ANCHA como unha actuación estratéxica e determinante para o futuro

do mesmo, negociando coas empresas operadoras a instalación de BANDA ANCHA en todo o territorio municipal (Urbán, Rural e Zoas de Actividade Industrial), enmarcando este obxectivo nun prazo de dous anos.

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que os rogos non teñen contestación. Vostede acaba de pedir que xustamente o que lle acaba de dicir a vai levar unha empresa contratou a Xunta. Vostede di que o Concello asuma poñer todo iso no rural, nas zonas comerciais, vostede sabe o que está pedindo, en fin non vai dicir máis nada.

.-Pregunta do PP sobre piscina municipal e rúa Cardenal

Existe xa un presuposto económico no seno dos infomes mencionados no inicio da resolución e contrato da piscina municipal climatizada e como se vaai proceder administrativa y xurídicamente ante este gasto?

A que se debe que nas entradas da rúa Cardenal despois de 5 meses de executada a obra está atópase illada de tráfico dun xeito pouco estético e impedindo o paso a vehículos de emerxencia?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que lle gustaría que repetirán vostedes, di que el non falou de 500.000 4euros e incluso se lle dixen máis e senón escoiten as grabacións. Os medios de comunicación poden recoller o que consideren dicindo ue el non o dixo. Esa variación verase cando se licite a piscina, non tardará moito, aí vaise saber de que maneira se vai arranxar, se o vai a pagar o Concello ou a empresa adxudicataria.

En relación co tráfico do Cardenal, efectivamente iso haberá que quíralo. O Cardenal si é peatonal non pode ser o paso de tócame roque. Se é peatonal é peatonal, aí cerquiña hai carga e descarga, miren polas cidades como reparten.

.-Rogo do PP sobre limpar os regatos e riachuelos do río Cabe e poñer solución o antes posible os vertidos fecais.

Resposta o Sr .Alcalde que os tramos de río urbanizados son competencias municipais, mire como esta de limpiño o río Cabe, non ten maleza polos bordes, os treitos de río que no están urbanizados son do organismo de cuenca, di que se vai trasladar á Confederación que se proceda o antes posible á limpeza desa maleza. Di que lle gustaría contrastar o que fixo cada quén no tema de saneamento, gustaríalle que lle expliquen porque a uns Concellos dende a Xunta se lles da e outros nin auga nin pan. Dille a D^a Katherinie que sexa un pouco máis prudente, é competencia dos Concellos xestionar unha vez que está feito o servizo, hai Concellos non teñen capacidade para elo. Augas de Galicia está metendo un custe enorme da auga,

400.000,00 euros /ano que se lle paga á Xunta, dende o ano 2012 que se puxo este canon, estamos falando de máis de 3 millóns de euros, e non se investiu nada aquí neste Concello. A consellería non quixo participar no Convenio, menos que participa a Deputación e a Confederación. O Concello de Ribeira é máis chulo que Monforte, poden facerlle unha depuradora nova, porque goberna o Partido Popular, en saneamento xa se levan feitas moitas cousas. O que está á vista no parque dos Condes se fixo cando gobernaban outros, co convenio que se asinou coa Confederación, para suprimir este verquido onde estas as barcas, o que se vai facer é quítalo, iso leva un par de anos, pero por fin está nun convenio para suprimir ese punto.

.-Pregunta do BNG sobre a rúa Cardenal

Foi recibida polo Concello?

Váiselle reclamar á empresa construtora as posibles deficiencias?

Estudouse dende o Concello se as obras se axustan ó proxecto?

Vanse mudar os citados palets por outros elementos máis

Resposta o Sr .Alcalde que si que foi recibida a obra polo Concello. Se hai deficiencias si, pero que el saiba hai unha detectada que terán que arranxar, a que dicían que cando choveu entraba no Arenal, rápidamente pararon. Se nos deixamos a obra na mesma cota que estaba é imposible que entrara auga pola rúa, o problema era que entraba auga pola rúa. A deficiencia é cerca onde está o quiosco cando chove forma unha pequena película de auga, iso xa se lle dixo ao director de obra, e a empresa se comprometeu a facela, senon o fai a fianza que ten se lle encautará para arranxar iso. Se as obras as certifica o director do proxecto están axustadas ao proxecto, porque certifica e entrega a obra.

.-Rogo do BNG sobre limpeza dos regatos que transcorren pola nosa cidade.

.-Rogo do BNG “in voce” relativo aos bonos ás familias, nalgunhas áreas comerciais falábase soamente na Caixa lle permitían un bono por persoa, non podían ir unha persoas cun bono, tiña que ser bonos de 25 e 26 euros, lle puxeron algún tipo de problemas, gustaríalle que dende a concelleira de facenda, que se tomen en consideración e que chegue a un acordo para aclarar os conceptos e que non haxa problemas deste tipo.

Resposta o alcalde di que nunha área comercial houbo algún problema pero xa está solucionado

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que tiña un compromiso de traer a este Pleno unha acusación de mentir, cando dixo que o Presidente da Xunta había asinado en campaña electoral e logo hai outros do 6 de novembro do ano 2019, se gaña as eleccións estará arranxado o problema de Alcoa quén minte e él. En canto ás redes Sociais, cada un pode dicir o que queira, cando un ten as responsabilidades políticas non debe dicir algunhas cousas. Isto ven porque dende o Concello se daban uns datos e o Sergas daba outros que pertencía ao día anterior, e acusaban a esta alcaldía que mintía, dicindo o que puxo D^a Katherinie no seu facebook “mira el nivel decir *“que no tienes nada que lo acredite pero vas y lo cascas” ya digo yo que no merece ser alcalde ni presidente, parece un paisano cualquiera arreglando el país en la tasca de la esquina.*” Lle parece que este tipo de cousas, di que a el lle veñen ven, había un alcalde que dicía, o que ti queiras pero a min dame votos.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,